

Plan Dixital

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano Académico	Estado
15032480	EEI. De Ledoño (CRA de Culleredo)	Culleredo	2024/2025	Plan pechado- seguemento

1. Vixencia

Vixencia	Data
Curso inicio	2024/2025
Curso fin	2024/2025
Data de actualización	07/11/24
Data aprobación consello	14/10/24
Data aprobación claustro	14/10/24

2. Introducción

Datos básicos do centro

A E.E.I de Ledoño, Ledoño Culleredo.C.P. 15189, telf. 981 662 094

A escola conta con unha aula mixta de Educación infantil de 4º-5º e 6º. A matrícula é de 13 alumnos/as. 3 alumnos/as en Educación Infantil de 3 anos, 5 en Educación Infantil de 4 anos e 5 en Educación Infantil de cinco anos. Esta escola está integrada no CRA de Culleredo.

Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

A escola está situada no concello de Culleredo.

Culleredo é un municipio galego da provincia de A Coruña, situado na área central, no extremo sur da Ría do Burgo.

O municipio ten como límite polo norte a cidade de A Coruña e, a través da Ría do Burgo o mar; polo sur o termo municipal de Cerceda; polo este os termos municipais de Oleiros, Cambre e Carral e polo oeste con Arteixo, A Coruña e Laracha.

Integrada na área metropolitana de A Coruña, a súa poboación está distribuída en 11 parroquias: Rutis, O Burgo, Almeiras, Culleredo, Orro, Sésamo, Sueiro, Ledoño, Veiga, Celas e Castelo.

A nosa área de influencia é a zona rural do Concello, aínda que no noso caso escolarizamos alumnado das zonas limítrofes debido ás características diferencias do noso centro. Isto trae consigo que a

comunidade educativa estea moi implicada nas actividades propostas e participe activamente en todas elas.

Somos un centro activo, participamos en numerosos Plans e Proxectos.

Breve xustificación do mesmo

Este documento está elaborado en base ás disposicións e referentes legais que establece a normativa da nosa Comunidade Autónoma no referente á implantación e elaboración do Plan Dixital para todos os centros docentes galegos.

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021- 2022.
- Artigo 30.1 do DECRETO 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Artigo 15 da ORDE do 30 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

Proceso de elaboración

1. Creación dun grupo de traballo para a elaboración do plan dixital.
2. Preparación, posta en marcha e recopilación de datos do informe SELFIE.
3. Preparación, posta en marcha e recopilación de datos do informe CDD.
4. Elaboración do análise DAFO.
5. Elaboración do Plan de Acción.
6. Elaboración definitiva do Plan Dixital.

3. Contexto DAFO

3.1. Instrumentos de recollida de información previa

Os instrumentos de recollida foron o informe Selfie, os test CDD e a análise DAFO realizados no curso 21-22.

O equipo do Plan Dixital foi revisando e actualizando estes datos de forma anual, polo que seguimos mantendo os resultados como punto de partida e información previa.

3.2. Análise interna

DAFO	Descrición	Categoría	Obx.
Debilidade	A competencia dixital do noso alumnado	Alumnado	Si
Debilidade	As familias non consideran prioritarios os coñecementos dixitais para o proceso de aprendizaxe das súas fillas e fillos	Familias	Si
Debilidade	O centro non dispón dunha gran infraestrutura e equipamento dixital - precisamos axentes externos para resolver problemas técnicos.	Infraestruturas	Si
Debilidade	Escasa participación dalgúns membros do claustro do centro	Oferta	Si
Debilidade	Na meirande parte de ocasións o profesorado ten que facer uso dos seus dispositivos para unha mellor calidade do servizo	Organización de centro	Si
Debilidade	Escasa avaliación competencial	Persoal docente	Non
Debilidade	Non é xeralizado o uso de ferramentas TIC para a avaliación do alumnado	Persoal docente	Si
Fortaleza	Alumnado internivel que favorece a colaboración	Alumnado	Non
Fortaleza	Interese e motivación do noso alumnado cara ás actividades dixitais	Alumnado	Non
Fortaleza	As familias teñen coñecementos básicos dixitais e dispoñen de dispositivos actualizados	Familias	Si
Fortaleza	Participan activamente nas actividades dixitais impulsadas polo centro e nos obradoiros da Escola de Nais e Pais vinculados ás TIC	Familias	Si
Fortaleza	Dotacións de biblioteca creativa e PFPP - as escolas dispoñen de equipamento dixital básico (portátil, encerado dixital interactivo e internet).	Infraestruturas	Non
Fortaleza	Existen propostas desde a biblioteca e o equipo TIC con recursos para desenvolver a competencia dixital nas aulas	Oferta	Non
Fortaleza	O centro fai uso das ferramentas dixitais para a comunicación coa Comunidade Educativa	Organización de centro	Si
Fortaleza	Dispoñemos dun protocolo para protección de datos da nosa comunidade educativa	Organización de centro	Non
Fortaleza	Existe un traballo interdisciplinar	Organización de centro	Non
Fortaleza	O profesorado comparte coñecementos e apóiase na competencia dixital	Persoal docente	Non
Fortaleza	Emprego de ferramentas e recursos TIC na intervención de alumnado con NEAE	Persoal docente	Non
Fortaleza	O Equipo TIC involucra ao Claustro na estratexia dixital	Persoal docente	Non
Fortaleza	Formación nunha liña de PFPP enfocada ás TIC na que participa una boa parte do Claustro	Persoal docente	Non
Fortaleza	Algún profesorado emprega metodoloxías activas vinculadas a recursos TIC	Persoal docente	Si
Fortaleza	O profesorado é creador de contidos dixitais e usa contornas virtuais para apoiar as aprendizaxes	Persoal docente	Non

3.3. Análise externa

DAFO	Descrición	Categoría	Obx.
Ameaza	Falta de horario para explorar e crear contidos dixitais	Administración educativa	Si
Ameaza	Necesidade de renovación de equipamento no centro	Administración educativa	Si
Ameaza	Escasa liberación horaria para dinamización de equipos	Administración educativa	Non
Ameaza	Escolas repartidas no rural: fallos de conexión a internet	ANPA	Non
Ameaza	Cambios lexislativos constantes	Lexislación	Non
Ameaza	Necesidade da regulación dos horarios para a realización de actividades dixitais e coordinación do equipo TIC	Lexislación	Non
Oportunidade	Oferta formativa axeitada	Administración educativa	Si
Oportunidade	O noso centro pertence ao LIA.3, cunha dotación económica para recursos TIC	Administración educativa	Si
Oportunidade	Bo nivel de resolución de problemas (UAC)	Administración educativa	Non
Oportunidade	Creación recente da ANPA moi participativa	ANPA	Si
Oportunidade	Facemos uso dos recursos TIC como medio de comunicación e interrelación entre as diferentes Escolas que compoñen o nos centro e coas familias	Contorna	Non
Oportunidade	Importancia da competencia dixital no currículo	Lexislación	Non

3.4. Análise

Partindo do análise do DAFO, seleccionamos unhas áreas de mellora sobre que actuar coa posta en marcha deste documento, e para cada unha delas marcámonos uns obxectivos prioritarios que nos permitan superar as debilidades e ameazas detectadas empregando as oportunidades e fortalezas. Establecemos a nosa liña de traballo entorno a tres ámbitos de acción principal: a xestión de equipamento, o alumnado e as súas familias e o equipo docente.

Porén, estes obxectivos e as súas correspondentes accións están en constante evolución e por iso serán actualizados cada curso escolar tendo en conta os recursos materiais e humanos que dispoñamos no propio momento de actualización e revisión do documento.

4. Obxectivos

4.1. Listaxe de obxectivos

Código	Obxectivo
O1PD	Coordinar e xestionar o equipamento e os recursos TIC do centro
O2PD	Fomentar e impulsar o uso das TIC entre a Comunidade Educativa
O3PD	Motivar e iniciar ó alumnado de EI no uso das TIC

4.2. Datos do obxectivo O1PD

Código	Estado
O1PD	Parcialmente

4.2.1. Elementos DAFO relacionados

Ameaza - Administración educativa - Necesidade de renovación de equipamento no centro

Debilidade - Infraestruturas - O centro non dispón dunha gran infraestrutura e equipamento dixital - precisamos axentes externos para resolver problemas técnicos.

Debilidade - Organización de centro - Na meirande parte de ocasións o profesorado ten que facer uso dos seus dispositivos para unha mellor calidade do servizo

Oportunidade - Administración educativa - O noso centro pertence ao LIA.3, cunha dotación económica para recursos TIC

4.2.2. Indicadores

Indicador	Valor inicial	Valor obxectivo ano 1	Valor obxectivo ano 2	Valor obxectivo ano 3	Valor obxectivo ano 4	Valor acadado
Número de equipos revisados	0 equipos revisados	19 equipos revisados e actualizados	3 equipos retirados, 7 equipos revisados			

4.2.3. Accións

Acción	Data máxima	Temporalización
AO1.1.Partindo das necesidades actuais, elaboración dun plan de acción para actualizar os equipos e recursos TIC do noso centro	31/10/2024	decembro
Responsables	Equipo TIC	
Destinatario	Centro educativo	

Acción	Data máxima	Temporalización
AO1.3.Xestión do equipamento TIC do centro para favorecer o correcto uso e funcionamento do mesmo, a través dos servizos da UAC e asesoría TIC de zona	30/06/2025	xuño
Responsables	Equipo TIC	
Destinatario	Centro educativo	

Acción	Data máxima	Temporalización
AO1.2.Actualización do inventario de equipamento TIC existente no centro	30/06/2025	xuño
Responsables	Equipo TIC	
Destinatario	Centro educativo	

Indicador de acción	Valor inicial	Valor obxectivo	Valor acadado
Especificación de datos do equipamento (IP, nº expediente) para axilizar a xestión de incidencias	40% de datos rexistrados	100% de datos rexistrados no inventario	

4.3. Datos do obxectivo O2PD

Código	Estado
O2PD	Parcialmente

4.3.1. Elementos DAFO relacionados

Ameaza - Administración educativa - Falta de horario para explorar e crear contidos dixitais

Debilidade - Familias - As familias non consideran prioritarios os coñecementos dixitais para o proceso de aprendizaxe das súas fillas e fillos

Debilidade - Oferta - Escasa participación dalgúns membros do claustro do centro

Debilidade - Persoal docente - Non é xeralizado o uso de ferramentas TIC para a avaliación do alumnado

Fortaleza - Familias - As familias teñen coñecementos básicos dixitais e dispoñen de dispositivos actualizados

Fortaleza - Familias - Participan activamente nas actividades dixitais impulsadas polo centro e nos obradoiros da Escola de Nais e Pais vinculados ás TIC

Fortaleza - Organización de centro - O centro fai uso das ferramentas dixitais para a comunicación coa Comunidade Educativa

Fortaleza - Persoal docente - Algún profesorado emprega metodoloxías activas vinculadas a recursos TIC

Oportunidade - Administración educativa - Oferta formativa axeitada

Oportunidade - ANPA - Creación recente da ANPA moi participativa

4.3.2. Indicadores

Indicador	Valor inicial	Valor obxectivo ano 1	Valor obxectivo ano 2	Valor obxectivo ano 3	Valor obxectivo ano 4	Valor acadado
Frecuencia de emprego de ferramentas e recursos TIC entre a comunidade educativa	Emprego de ferramentas e recursos TIC entre a comunidade educativa de xeito arbitrario	Emprego de ferramentas e recursos TIC entre a comunidade educativa de xeito programado e habitual	A Comunidade Educativa emprega ferramentas e recursos TIC			

4.3.3. Accións

Acción	Data máxima	Temporalización
AO2.4. Uso de canles de comunicación oficial entre a Comunidade Educativa: ABALAR e páxina web do centro	14/10/2024	xuño, outubro
Responsables	Dirección	
Destinatario	Comunidade Educativa	

Acción	Data máxima	Temporalización
AO2.1. Partindo das avaliacións e propostas de mellora do curso pasado, elaboración dun plan de acción para a dinamización dos recursos TIC do centro neste curso 24-25	21/12/2024	decembro
Responsables	Equipo TIC	
Destinatario	Comunidade Educativa	

Acción	Data máxima	Temporalización
AO2.2. Proposta de obradoiros sobre os recursos e ferramentas TIC no noso centro dentro das ENAPAS	30/06/2025	xuño
Responsables	Equipo TIC	
Destinatario	Comunidade Educativa	

Acción	Data máxima	Temporalización
AO2.3. Mellora da competencia dixital docente do profesorado mediante propostas de actualización e formación en ferramentas e recursos TIC a través do PFPP do centro	30/06/2025	xuño, novembro
Responsables	Dirección	
Destinatario	Claustro	

Acción	Data máxima	Temporalización
AO2.5. Impulso de novas canles para dar difusión e comunicación das actividades desenvolvidas no centro: RRSS, Class Dojo e Blogger.	30/06/2025	
Responsables	Profesorado	
Destinatario	Comunidade Educativa	

4.4. Datos do obxectivo O3PD

Código	Estado
O3PD	Pendente

4.4.1. Elementos DAFO relacionados

Debilidade - Alumnado - A competencia dixital do noso alumnado

Debilidade - Familias - As familias non consideran prioritarios os coñecementos dixitais para o proceso de aprendizaxe das súas fillas e fillos

4.4.2. Indicadores

Indicador	Valor inicial	Valor obxectivo ano 1	Valor obxectivo ano 2	Valor obxectivo ano 3	Valor obxectivo ano 4	Valor acadado
Número de actividades e propostas TIC levadas á cabo	Desenvolve mento de actividades e propostas TIC de xeito arbitrario	Desenvolve mento de cando menos 1 actividade e proposta TIC por trimestre	Desenvolve mento de actividades con propostas TIC en cada trimestre			

4.4.3. Accións

Acción	Data máxima	Temporalización
AO3.1.Reunión do equipo TIC en colaboración con Biblioteca Creativa e Polos Creativos, para o deseño e selección de propostas TIC para desenvolver durante o curso 24-25	30/06/2025	xuño
Responsables	Equipo TIC	
Destinatario	Alumnado	

Acción	Data máxima	Temporalización
AO3.3.Recollida e difusión das experiencias coas TIC levadas a cabo durante o curso 24-25	30/06/2025	xuño
Responsables	Equipo TIC	
Destinatario	Comunidade Educativa	

Acción	Data máxima	Temporalización
AO3.2.Desenvolvemento de propostas TIC no centro	30/06/2025	xuño
Responsables	Profesorado	
Destinatario	Alumnado	

Indicador de acción	Valor inicial	Valor obxectivo	Valor acadado
Desenvolvéronse propostas TIC a nivel aula e centro (Comunidade Educativa)	pouco uso dos recursos TIC do centro ao longo do curso	1 propostas por trimestre	

5. Seguimento

5.1. Procedemento para o seguimento

Como procedemento de seguimento do desenvolvemento do Plan e da consecución dos obxectivos marcados realizarase unha avaliación procesual, realizada como mínimo unha vez ao trimestre, na cal os aspectos a valorar incluirán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e propostas de mellora.

A mentora ADIX realizará este seguimento a través da comunicación e

as reunións coa coordinadora do P.Dixital.

5.2. Primeiro trimestre

5.3. Segundo trimestre

5.4. Terceiro trimestre

6. Avaliación

6.1. Procedemento para a avaliación

Como procedemento de seguimento do desenvolvemento do Plan e da consecución dos obxectivos marcados realizarase a avaliación:

Unha avaliación procesual, realizada como mínimo unha vez ao trimestre, na cal os aspectos a valorar incluírán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e propostas de mellora.

Unha avaliación final como mínimo unha vez ao ano. Entre os aspectos a considerar incluíranse, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

6.2. Valoración xeral

6.3. Propostas de mellora

7. Comunicación e difusión

7.1. Procedemento para a comunicación e a difusión

O Plan Dixital é un documento de centro que marcará o camiño para a transformación dixital da escola, é por iso que como o resto de documentos terá carácter público e estará a disposición de toda a comunidade educativa. O documento completo atoparase en Educidade e poderá consultarse a través deste aplicativo.

8. Outros datos

9. Anexos